

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña).

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2016, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO SEGUNDO.- ADJUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN LAMAS-COSTOIA (BIDUÍDO). POS ADICIONAL 1/2015.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 15 de setembro de 2016, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento aberto que se segue para a contratación das obras de **“Saneamento en Lamas-Costoia (Biduído)”**, obra **incluída no POS Adicional 1/2015.**

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, así como ós demais licitadores.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a obra.

Visto o que antecede, e a fiscalización de conformidade da Intervención municipal (informe 159/2016), a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (Decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de **“Saneamento en Lamas-Costoia (Biduído)”** á empresa **Martínez Montes e Hijos SL**, con **CIF B-15025372** e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de corenta e un mil cincocentos euros **(41.500.- euros)**, sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de oito mil setecentos quince euros **(8.715.- €)**

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra “saneamento en Lamas-Costoia (Biduído)” á Julio C. Rojo Martínez.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a vinte e sete de outubro de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

A secretaria

O alcalde

José M. Miñones Conde